

Alfonso Daniel Manuel
Rodríguez Castelao

Castelao

Castelao, nado en Rianxo o 29 de xaneiro de 1886 e finado no exilio en Bos Aires (Arxentina) o 7 de xaneiro de 1950, está considerado o Pai do nacionalismo galego. Castelao foi un intelectual comprometido coa terra e co país. Na súa persoa reuníanse as facetas de narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político galego, chegando a ser a figura máis importante da cultura galega do século XX. Ademais, estudou medicina. , pero confesaba:

"Fíxenme médico por amor ao meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade".

Casa de Castelao en Rianxo.



Aos tres meses do nacemento de Daniel, o pai emigrou a Arxentina, onde instalou con éxito unha *pulpería*, e aquel foi criado especialmente polos seus avós maternos Teresa e José Ramón, carpinteiro de profesión e coñecido polo alcume de *Pepe de Castelao*.

Na casa e na escola chamárono sempre Daniel, non Alfonso, como, por iniciativa propia, puxo na partida o crego, por ser nado no mesmo ano en que se agardaba o nacemento do futuro rei, ó que se lle tiña destinado o nome de Alfonso.

Posteriormente adoptou o nome de *Alfonso R. Castelao* ou, sobre todo na sinatura dos seus debuxos, simplemente *Castelao*.

En 1900 deciden volver para que Daniel estude medicina en Compostela.

De 1900 a 1903, Castelao estudou no Instituto Xeral e Técnico o bacharel de Artes e, entre 1903 e 1909, cursou a carreira de Medicina na Facultade da [Universidade de Santiago de Compostela](#).

Durante eses anos, tal como sinala Otero Pedrayo en *Espello na serán*, Castelao viviu primeiro no pazo de Raxoi e máis tarde no pazo do Castro, na rúa do Castro.



Durante os seus anos na universidade agroma tamén o seu interese polo debuxo e a pintura, e en especial pola caricatura, ademais de pola música, posto que tocaba na tuna.

En 1908 expuxo os seus debuxos en Madrid e comezou a colaborar coa revista viguesa *Vida Gallega*. Entre 1909 e 1910 fixo un curso de doutoramento en Madrid e participou nos II e III Salón Nacional de Humoristas, á vez que colaboraba como ilustrador con *El Cuento Semanal*.

Acadou unha medalla de ouro Exposición Regional de 1909 de Santiago, co tríptico *Unha festa na aldea*.

O 19 do outubro dese ano 1912 casou con Virxinia Pereira Renda, na antiga igrexa de San Paio da Estrada.

O 1º de febreiro de 1914 naceu na Estrada o seu único fillo, Alfonso Xesús de Braga.



Castelao falleceu en Bos Aires, Arxentina, o 7 de xaneiro de 1950, por cancro de pulmón.

Algunhas das suas principais obras son:

- Cousas.
- Los Dos de siempre.
- Os vellos non deben de namorarse.
- Sempre en Galiza.

PREMIOS RECIBIDOS:

Foi homenaxeado co segundo Día das Letras Galegas, no ano 1964.

En decembro de 2011 a Xunta de Galicia declarou a súa obra como Bem de Interesse Cultural inmateral.

A Real Academia Galega de Belas Artes dedicoulle o Día das Artes Galegas 2016 polos "extraordinarios méritos artísticos" da súa obra.